

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 27 DE XUÑO

DE 2013

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás dezoito horas e trinta minutos do día vinte e sete de xuño de dous mil trece, baixo a presidencia da señora alcaldesa en funcións dona M^a Jesús González Roel, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Felipe Andreu Barallobre, don Fernando Caride Suárez, dona Marta M^a Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño, don José Antonio Orosa Fernández e dona Elisa Pestonit Barreiros, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona M^a Olga Santos López, de EU; dona M^a Victoria Amor Prieto e don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Non asisten, con escusa, don Manuel Rivas Caridad e dona Rocío Vila Díaz, do PP.

Asiste dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da Corporación.

Antes de dar comezo á sesión, dona M^a Jesús González Roel, alcaldesa en funcións, escusa a ausencia do Sr. alcalde que, por motivos persoais, non pode estar aquí hoxe, así mesmo, dona Rocío Vila Díaz que se incorporará durante o transcurso da sesión.

Aberto o acto pola presidencia, examinouse o asunto incluído na orde do día da convocatoria.

Moción da Corporación municipal do Concello de Cambre en defensa do tren

Con data 8 de xuño de 2013 rexístrase de entrada ao núm. 7471, escrito asinado polos señores concelleiros que a continuación se relacionan:

- do grupo municipal do PSdeG-PSOE: don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro
- do grupo municipal de UxC: don Óscar Alfonso García Patiño
- do grupo municipal de EU: don Luis Miguel Taibo Casás e dona M^a Olga Santos López
- do grupo municipal do BNG: dona M^a Victoria Amor Prieto e don Daniel Carballada Rodríguez

no que solicitan a convocatoria dunha sesión extraordinaria coa inclusión como único punto da orde do día, da moción que se achega ao dito escrito "Moción da Corporación municipal do Concello de Cambre en defensa do tren".

Pola secretaria da Corporación dáse lectura á moción presentada que consta do seguinte teor literal:

“Os novos horarios, avaliados pola Xunta de Galicia, da empresa pública estatal Renfe, dependente do Goberno de España a través do Ministerio de Fomento, condenan á súa práctica desaparición ao apeadeiro de Cecebre e á estación de Cambre, que ven reducidos drasticamente os trens que efectúan paradas nas ditas instalacións, ao punto de inviabilizar o seu uso contián por parte do conxunto da cidadanía.

Diante de tal agresión sen precedentes aos lexítimos intereses dos veciños e veciñas do noso concello, obrigado pola falta de dilixencia, iniciativa e preocupación do alcalde e a xunta de goberno, o pleno da Corporación municipal de Cambre, acorda realizar a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.- O apeadeiro de Cecebre e a estación de Cambre, con máis de 130 anos de historia, forman parte do patrimonio colectivo do noso concello e son no presente, e deben continuar a ser no futuro, un valor para o noso municipio. Lonxe de ser unha reliquia, son instalacións que, debidamente acondicionadas e modernizadas, poden cumprir unha función determinante para posibilitar unha mobilidade de proximidade e media distancia máis áxil, económica e eficiente para os veciños e veciñas de Cambre.

2.- A pesares de que ata agora a oferta de servizos ferroviarios era manifestamente insuficiente, con escaseza de trens, horarios intempestivos e prezos non competitivos, 2500 persoas fixeron uso no último ano do apeadeiro de Cecebre e da estación de Cambre. Son na súa maioría, estudantes, mulleres asalariadas e persoas de idade avanzada, para as que o tren cumpre unha indiscutible e valiosa función social. Ademais, as cifras de usuarios non xustifican, de ningún modo, a brutalidade dos recortes, que imposibilitan, eliminando a oferta, que exista demanda.

3.- O ferrocarril, ambivalente para persoas e mercadorías e dotado de dupla vía electrificada, é un medio de transporte solvente, rápido, con custos asumibles, medioambientalmente sostible e socialmente rendible con especial valor para Cambre, xa que dispoñendo da infraestrutura, adecuándoa e dotándoa de conexións de proximidade coa Coruña e Ferrol e de media distancia con Lugo – Monforte e o Eixe Atlántico, constitúe un activo fundamental sobre o que pivotar o noso crecemento demográfico, urbanístico e económico nos próximos anos. Cambre, con máis de 24000 habitantes, quere ter unha comunicación directa coas principais urbes de Galicia.

4.- Non compartindo os plans precarizadores e privatizadores do sector ferroviario do Goberno de España e a Xunta de Galicia, manifestamos a nosa máis enérxica repulsa á dilapidación do patrimonio público para o seu alleamento fraudulento, ao tempo que defendemos os empregos dos traballadores e traballadoras, algúns residentes en Cambre, de Renfe e Adif.

5.- Entendendo o tren como motor de progreso, avance e cohesión social e factor determinante na eliminación de desigualdades e barreiras entre territorios e persoas, e defendendo o seu carácter de servizo público e universal para o conxunto da poboación, acreditamos, fronte ás ansias privatizadoras e mercantilistas que se agochan detrás destas medidas, nun ferrocarril galego, público e social, ao servizo da cidadanía.

Con base no exposto, e tendo como obxectivo a consecución do maior beneficio posible para Cambre e a súa veciñanza, presentamos para a súa lectura, debate e votación no pleno municipal as seguintes PROPOSTAS DE ACORDO:

Primeiro: Dirixirse ao Ministerio de Fomento, á Presidencia de RENFE e á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para protestar enerxicamente pola redución de servizos producida a partires do día 2 de xuño, esixindo a elaboración dun novo programa de servizos nas liñas A Coruña-Ferrol e A Coruña-Monforte, coa participación de todos os concellos afectados, que contemple como un primeiro e mínimo paso, o mantemento dos servizos ata agora ofertados.

Segundo: Demandar ao goberno galego efectivizar a transferencia de competencias xa autorizadas e crear un ente público ferroviario galego, que opere, con criterios sociais e de servizo á cidadanía, as comunicacións de media distancia nas liñas para iso dispostas polo Estado.

Terceiro: Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno de España a crear na área urbana A Coruña-Ferrol, un servizo de proximidade como os que, co uso de fondos europeos, operan na inmensa maioría de rexións urbanas do Estado español. O dito servizo deberá prestar especial atención á conexión co centro da Coruña, coas áreas universitarias, sanitarias e industriais, servindo de centro nodal para o transporte intermodal.

Cuarto: Dar traslado da realidade da situación dos servizos ferroviarios, no que atinxe a Cambre e ao conxunto da comarca ao Consorcio das Mariñas, para que, logo do tratamento no seu pleno, se lle dea cumprida resposta á problemática.

Quinto: Reclamar da Deputación da Coruña un papel activo institucionalmente en defensa do ferrocarril na provincia.

Sexto: Solicitar un encontro coa ministra de Fomento, con presenza do conxunto de grupos municipais.

Sétimo: Solicitar un encontro co conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, con presenza do conxunto de grupos municipais.

Oitavo: Recabar información actualizada sobre o estado do Plan Move e demais proxectos de transporte e infraestruturas que atinxen ao noso concello, esixindo o cumprimento dos prazos previstos para as súas conclusións.

Noveno: Esixir a inmediata construción por parte de Adif dun apeadeiro ferroviario na urbanización da Barcala.

Décimo: Facer uso das pantallas luminosas, base de correos electrónicos, taboleiros de anuncios, locais, municipais... para publicitar unha campaña que recolla os argumentos da presente moción baixo o lema POR UN FERROCARRIL PÚBLICO E SOCIAL. NON AOS RECORTES, CAMBRE CO TREN, co que se elaborará unha pancarta coa que cubrir o balcón da casa do concello. Ao tempo, promocionarase e apoiarase toda canta actividade realice a sociedade civil en defensa dos presupostos que sustentan este documento.”

Concedida a palabra a don Fernando Caride Suárez, concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado, que ten atribuída a competencia en materia de transportes, manifesta que o voto do seu grupo vai ser a prol, xa que están de acordo co sentido e co fondo da moción, aínda que non sexa así coa redacción, pero como ao final entenden que comparten todos o mesmo sentimento, o voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta o seu apoio completo á moción nos termos nos que está formulada. Di que a historia de Cambre nos últimos 130 anos está vinculada absolutamente ao ferrocarril, ao tren, son moitos os veciños de Cambre que teñen traballado nesta infraestrutura, en Renfe, en diferentes funcións. Para Cambre resulta especialmente prexudicial este plan precarizador que por parte do goberno de España e da Xunta de Galicia se quere poñer en marcha. É un plan que non poden aceptar baixo ningún concepto, xa que implica un retroceso no que consideran que ten que ser o futuro de transporte de viaxeiros e mercadorías na comarca da Coruña.

Nas últimas lexislaturas e nos últimos anos teñen apostado pola mellora do tren de proximidade, do transporte ferroviario de proximidade, pola apertura incluso, como se ten pedido no pleno municipal, dunha nova estación na Barcala e, evidentemente, as actuais medidas o que fan son todo o contrario, dan un paso atrás en canto a posibilidades de transporte para os veciños de Cambre e da comarca en xeral, o cal implica un retroceso que consideran que xera moito dano a Cambre e aos seus veciños. Por todo isto, queren manifestar, unha vez máis, o seu apoio a esta moción e solicitar que por parte do goberno local se fagan todas as xestións máis convenientes para intentar que este plan precarizador e privatizador do sector ferroviario que se intenta poñer en marcha, quede no baúl dos recordos.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que simplemente queren agradecer ao BNG a iniciativa desta moción, e agradecerlle tamén a oportunidade que lle deu ao grupo de UxC de sumarse á moción, coa que están completamente de acordo. Tamén están moi contentos de que o PP se sume a esta iniciativa.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que esta moción trata, unha vez máis, e xa van bastantes, da necesidade dun compromiso en firme, decidido, por parte do concello en defensa do ferrocarril de proximidade como medio de transporte ecolóxico, cómodo e sostible.

Cre que Cambre non pode vivir de costas ao tren, como se dixo hai un momento na concentración que se fixo. Levan moitos anos os camiños de ferro instalados en

Cambre, prestando un servizo importante, resulta imprescindible esta infraestrutura ferroviaria do noso municipio e do contorno metropolitano. Como todos saben, Cambre, Bergondo, Betanzos ou Culleredo, teñen servizo de ferrocarril onde se trasladan bastantes miles de persoas á capital municipal.

Están perfectamente convencidos de que é necesaria a instalación dun apeadeiro de Renfe na Barcala. Ás veces, limítanse a aprobar as cousas, pero logo non teñen ningún outro tipo de traslado, porque no ano 2007, o grupo municipal EU xa presentou unha moción neste pleno, aprobada por unanimidade, para a construción dun apeadeiro na Barcala, pero nese sentido fíxose pouco ou nada polos distintos gobernos que houbo neste concello, tanto polo goberno actual como polo goberno anterior.

Di que teñen que defender o ferrocarril de proximidade por moitísimos motivos, un motivo de transporte público, e un motivo económico, porque un ferrocarril en Cambre achega moitos beneficios, todos saben a cantidade de persoas que veñen visitar Cambre, Cecebre, as nosas paisaxes e sobre todo os nosos ríos. Tamén por un problema de emprego, porque en Cambre hai bastantes persoas que traballan nas empresas de Adif e Renfe.

A moción que tratan hoxe, como dixó, é unha das múltiples presentadas. Nesta lexislatura, por parte do seu grupo, EU, presentáronse seis iniciativas que non tiveron o traslado que deberían ter, por exemplo pediron que se fixera unha campaña en canto aos horarios e en canto a disposición de servizos, e esa campaña non se chegou a facer polo concello, fixérona outros colectivos, como por exemplo a asociación de veciños e o seu grupo en Culleredo, pero en Cambre non se concretou.

Cre que a participación nesta moción e a aprobación por parte do PP ten un significado importante, porque a van aprobar todos os grupos, pero xa di, as mocións están para aprobarse, pero a defensa do ferrocarril tamén se fai participando nas distintas concentracións en defensa do tren, como a de hoxe da Plataforma da Coruña-As Mariñas, e noutras concentracións que fan os comités de empresa de Adif e de Renfe, e outros colectivos de entidades cidadás.

Só quere dicir que se alegra de que haxa unanimidade neste tema, e pide que non se esqueza a partir de hoxe o problema que supón impulsar o ferrocarril de proximidade no Concello de Cambre.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo, primeiramente, quere facer unha consideración respecto da convocatoria do propio pleno. Di que sendo maioritaria a oposición nesta cámara municipal, por vez primeira ao cabo de dous anos de lexislatura, de mandato municipal, acométese o procedemento de realizar un rogo de convocatoria dunha sesión extraordinaria do pleno municipal, é dicir, tendo capacidade de facelo, segundo regula o Regulamento orgánico municipal, non o fixeron en máis de mediada lexislatura, fixérono unha vez por un tema que consideraron importante, e eles ven no ánimo desta convocatoria, coincidindo co pleno ordinario do mes de xuño, e nun horario das 18:30 horas que dificulta claramente a asistencia dunha inmensa maioría do público, dos cidadáns que a ben tiveran asistir a esta sesión, di que observan niso

unha tendencia pouco democrática, unha animosidade pouco aberta e participativa, non para eles, que loxicamente están aquí, senón para o conxunto da cidadanía que libremente quixera vir. Di que non hai excusas de índole económica, poden ir ás hemerotecas, porque publicamente os concelleiros dos diversos grupos, e así se trasladou, estaban dispostos a renunciar a calquera tipo de contraprestación económica, de remuneración que lexitimamente lles pertence por asistir a este órgano colexiado. O que hai é unha intencionalidade de minguar a importancia social do tema, de eludila, de pasala por riba, e de que teña a menos repercusión social posible, ese é, a modo de ver do BNG, o respecto que lle teñen no goberno municipal á democracia.

Seguidamente pregúntase por que están aquí. A consideración previa do BNG, é que están, entre outras cousas, porque en contra do que algúns dicían, a día de hoxe o apeadeiro de Cecebre e a estación de tren de Cambre, están total e absolutamente baixo mínimos e condenadas a morte. O pasado 3 de abril, por rexistro do Concello de Cambre, ten aquí a fotocopia, e como dixo no último pleno, Alberto Díaz, representante do sindicato maioritario en Renfe e Adif en Galicia, a CGT, dirixíase a don Manuel Rivas Caridad, alcalde do Concello de Cambre e a todos os grupos municipais. Di que é hoxe o día, 27 de xuño, que este escrito non se achegou aos diversos grupos municipais, e xa saben quen ten a culpa, a culpa téñena os funcionarios, están seguros de que a culpa é, por suposto que si, dos funcionarios, pero non se fixo absolutamente nada, nin por exemplo falar telefonicamente con esa persoa. El publicamente ofreceulle no último pleno ao Sr. alcalde o teléfono deste representante dos traballadores de Renfe e Adif, e o primeiro dos cambreses fixo total e absolutamente caso omiso á súa suxestión.

Continúa explicando que o que ese representante de Adif e Renfe fai no escrito que presenta no rexistro do Concello de Cambre o día 3 de abril, é explicitar que con menos de un viaxeiro ao día suprimíranse unha serie de estacións, e con entre un e cinco viaxeiros ao día só parará un tren diario por sentido, e cita entre esas paradas Cambre e Cecebre. E iso foi o que pasou a partir do día 2 de xuño, cando entraron en vigor os novos servizos ferroviarios, os novos horarios de Renfe.

Di que aí hai, polo tanto, un intervalo de dous meses, dous meses onde, se houbera vontade política real, non vontade política seguidista e oportunista como a que están vendo hoxe, o Concello de Cambre podería terse mobilizado, podería ter habido presión institucional, o Concello de Cambre podería ter falado, en primeira instancia a través do seu alcalde, que é ao que lle corresponde en función do mandato que asumiu por todos os cambreses, e logo por esta Corporación. Podería terse dirixido, por exemplo, ao presidente da Deputación da Coruña, sen ir máis lonxe, falar, non di que co presidente da Xunta, pero si co conselleiro do ramo, solicitar as oportunas entrevistas con Renfe e Adif, pero non para cubrir o expediente, senón para, baseándose nunha información en certa maneira privilexiada e de parte que se lle ofrece, ir ata o fondo do asunto, e con case dous meses de antelación, poder prever o que finalmente ía pasar, pero non se fixo, o que se fixo foi chamar demagogos aos concelleiros do BNG na última sesión plenaria, como así por certo recolle a acta que aprobarán no pleno das 20:00 horas.

Tal é así, que o pleno que tivo lugar o pasado 27 de xuño, cando se menosprezou a iniciativa que eles aquí trouxeron, foi seguido dunha nota de prensa dos hábiles e magnánimos servizos de prensa dos que dispón este goberno municipal, non este concello, este goberno municipal, porque son servizos de comunicación total e absolutamente de parte. Lanzouse unha nota de prensa dicindo que aquí non ía pasar absolutamente nada, foi recollida en diversos medios de comunicación, e falaba do Ministerio de Fomento, de que tal cargo e tal outro, que en Cambre nada, que a baremación que se facía a Cambre non lle afectaba, iso saíu o venres día 28, o domingo día 2 de xuño deixaron de parar os trens en Cambre.

Na estación de Cecebre antes paraban 10 trens ao día, na estación de Cambre antes paraban 14 trens ao día, e perdéronse máis dun 70% dos servizos que prestaba a operadora pública estatal a esas estacións. Di que isto xa o propio domingo día 2 de xuño, pero é que o luns 3 de xuño, o concelleiro Sr. Fernando Caride sae en Radio Coruña Cadena SER, dicindo que eles non teñen noticia dos recortes. Di que a el recordoulle sobremaneira a Casares Quiroga, que era presidente do goberno da República no momento do levantamento militar, e o día 19 de xullo dixo que se eles se levantaron, el ía á cama, pois aquí exactamente igual, é unha cousa que xa é unha carallada en grao supino, algo francamente inaguantable.

Continúa dicindo que non están falando xa de diverxencias ideolóxicas, nin de contraste de pareceres, nin de visións diferentes sobre un particular, están falando dun mínimo de eficiencia que se lle debe esixir aos integrantes dun equipo de goberno, que teñen unhas retribucións bastante onerosas polo teórico exercicio do seu cargo.

Di que isto é o que teñen a día de hoxe, a imposibilidade de que Cambre conte con dous apeadeiros que presten un servizo eficiente para que determinada xente poida satisfacer as súas necesidades de comunicación máis básicas, esencialmente comunicarse coa cidade da Coruña. O que están debatendo aquí hoxe non é a iniciativa ou a vontade caprichosa dun grupo político ou do conxunto dos grupos da oposición, aos que quere, dende logo, agradecerlles a colaboración que houbo e a participación que houbo para levar adiante esta moción.

Di que hoxe non está aquí o alcalde de Cambre, el lamenta que non estea, tampouco está o presidente de Proubanismo ou algo así, non están porque son a mesma persoa. Fala do tema porque isto ten algo que ver co urbanismo, pero co urbanismo sostible, co urbanismo que mira pola xente e non polo beneficio de determinadas construtoras, e para eles é algo básico manter esta liña. Hai uns anos houbo un proxecto, que teoricamente aínda segue en pé, de realizar unha nova vía para prestar servizos ás comunicacións entre A Coruña e Ferrol, concretamente un tramo entre Uxes e Infesta en Betanzos, que secciona pola metade o Concello de Cambre, e houbo unha gran resposta social contra ese trazado, principalmente nas parroquias de Sigrás, Anceis, San Lourenzo e Cela, e tamén en Cecebre onde, ademais, un dos itinerarios se cargaba a fraga de Cecebre.

Eles o que din é que hai que manter a actual vía, e para que a actual vía estea viva, que é a mellor maneira de coartar a necesidade de facer un novo itinerario, é que esa liña teña frecuencias, é que esa liña poida ter unha dobre vía, é que teña vías aliviadeiro, como tiña en Cambre e se levantaron impunemente, é que haxa

frecuencias, é que haxa un servizo de proximidade, como hai en todas as cidades da península ibérica cunha poboación superior ou igual á que ten a área metropolitana que conforman A Coruña e Ferrol. Di que por iso eles defenden, de verdade, esta proposta, e van vixiar, fronte ao oportunismo arribista de última hora, que en último de contas celebran, porque poderán dicir por aí que en Cambre conseguiron que o PP apoiara un ferrocarril público e social, e por certo, o que se recolle na moción que o goberno municipal vai aprobar, e que presenta hoxe aquí a oposición, é que na fachada do concello, e en todos os elementos de comunicación pública dos que dispón esta administración municipal, haberá unha pancarta que diga “Por un ferrocarril público e social. Non aos recortes. Cambre co tren.”, que non é o mesmo que “Cambre co tren de proximidade”.

Manifesta que o que acaba de facer o goberno local hoxe, ao seu modo de ver, é un exercicio de oportunismo digno do mellor sainete. Dilles que alá eles e a súa responsabilidade cos veciños de Cambre. Eles van estar, dende logo, vixiantes para que se cumpran todas e cada unha das dez prerrogativas que contempla esta proposta, e van defender realmente o que entenden que é un servizo público que atende ás necesidades dos sectores máis desfavorecidos da poboación, que son os que maioritariamente collen o tren, que é unha fonte de emprego, de riqueza tamén, para moitos veciños de Cambre.

No anterior pleno el particularmente advertiu que o alcalde lle facía o “caldo gordo” a determinadas empresas de transporte privado por estrada que están detrás do desmantelamento dun ben, dunha riqueza pública, como é o patrimonio ferroviario do que dispón este país, co fin de cargárselo e facer negocio con el. Seguidamente pediu desculpas porque o Sr. alcalde consideraba que non era apropiada esa expresión, non a mantén, pero di que dende o BNG si queren dicir que o PP está desmantelando un patrimonio que é de todos, está desfavorecendo aos sectores máis prexudicados coa crise que existen na nosa sociedade, que son os que fan uso do transporte público, única e exclusivamente para beneficiar a unha serie de empresarios e intereses económicos afíns que queren facer negocio co que debería ser un servizo público, cun inminente carácter social.

Di que nin el, nin a súa compañeira Mariví, son nativos de Cambre, son o que na xerga se denomina “venideiros”, el vive en Meixigo e ela vive no Temple, non son cambreses de cuarta xeración, nin de terceira, nin de segunda, pero defenden Cambre, e a el daríalle moita mágoa ser alcalde de Cambre, ser veciño de Cecebre, e contemplar como despois de 130 anos, na capital municipal e en Cecebre, se produce a desmantelación do tren, é algo que realmente debería provocar que a alguén se lle caera a cara de vergonza. Decía no último pleno o alcalde que el non mandaba cartas, nin facía papeis, nin cousas polo estilo, pois vai sendo hora de que vaia empezando, non polo Bloque, nin sequera por el, senón polos veciños de Cambre, máis nada.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que el tamén vai apoiar a moción, aínda que nalgunhas cousas da redacción non estea de acordo, ou incluso algún dos puntos lle pareza ata esaxerado, pero si a vai apoiar, en primeiro lugar porque si que cre no tren de proximidade, pero nun tren de proximidade que funcione.

Di que as épocas teñen cambiado, el pode falar do tren e da estación do tren en Cambre porque el se criou ao lado e xogou moitas veces de neno na estación. Lembra perfectamente a cantidade de veciños que usaban o tren porque non había outros medios de transporte, hoxe en todas as casas hai vehículos, hai un servizo de autobuses que funciona cada media hora á Coruña, lembra perfectamente como antigamente, á 1 da tarde, o tren que ía para A Coruña levaba as sacas de correo coas cartas, ían no tren para A Coruña, di que se lembra desas cousas, lembra a trasfega que había nesa estación, os trens de mercancías, os vagóns que quedaban na vía morta, etc., pero as épocas van cambiando e el está de acordo e cre nun tren de proximidade, pero doutra forma ao que estaba funcionando, e di isto porque dixo o Sr. Carballada que o tren está baixo mínimos, e é verdade, pero é que xa estaba baixo mínimos antes do 2 de xuño, porque se están falando de que 2500 persoas usaron o tren o ano pasado, durante todo un ano, están falando de que 6 persoas ao día collían o tren en Cambre, en dúas estacións, aproximadamente 3 en cada unha. El cre que un servizo público non se pode manter desa forma, el cre nun tren que chegue ao centro da Coruña, cuns apeadeiras para poder aparcar, un apeadeiro na Barcala, niso si que cre, pero non no actual tren, porque case non o utilizaban os veciños.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Vázquez, concelleiro do PGD e integrante do GM, manifesta que está de acordo coa moción, pero cre que deben ser máis ambiciosos incluso. El cre que para poder sacarlle rendimento ao tren de proximidade, ten que dar un servizo, o certo é que o tren nesta vía, o servizo que dá é pouco. El entende que, efectivamente, o servizo de A Coruña-Ferrol debería facerse igual que se fan estradas con enlaces, por exemplo Vía Ártabra, etc., porque estanse mellorando soamente infraestruturas para vehículos rodados. É fundamental que comecen a pensar nun tren que dea un servizo realmente aos veciños, e haberá que facer infraestruturas e gastar o diñeiro en cousas dese tipo.

El entende que debería ser un tren que dera servizo, que puidera realmente ser viable e que lle prestara aos veciños un servizo igual ao que presta noutras cidades, por exemplo en Bilbao, Barcelona ou Madrid, onde o tren vai aos pobos dos arredores, pero vai polo medio dos pobos, a xente aparca o seu coche e, ao mellor, só utiliza o seu vehículo os fins de semana para saír de paseo ou o que sexa, pero o resto do tempo os coches non se moven dos aparcadoiros. Teñen un servizo continuado de trens, con dobre vía, e que vai a todos os puntos onde é necesario e onde hai poboación, xa sexa polígonos industriais, zonas poboadas, etc.

Considera que aquí o normal sería que o tren collera xente, porque pode haber máis liñas que unha, en Perillo, tería que ir a Santa Cruz, a Sada, tería que ir bordeando, ir a Arteixo, vir por Culleredo, bordeando polos polígonos industriais, etc., iso é algo no que el cre que teñen que comezar a pensar todos os que se dedican á política, cre que deben pensar en dar servizos, porque efectivamente el está de acordo en que en Cambre se potencie o tren, pero ben.

Pon como exemplo que hai uns días xuntouse cuns cantos veciños de Cambre para ir a Monforte, por ir e volver no tren, estaban 18 persoas de Cambre e Carral no apeadeiro de Cecebre para collelo para Monforte, o tren pasou á hora que tiña previsto, pero non parou. Había outros compañeiros que estaban esperando para collelo en Betanzos e si o colleron. Eles, entre que pasou o tren e falaron de se viría

outro e demais, cando chamaron aos compañeiros para avisalos xa ían no tren. Quedaran en ir comer alá, había unha fería, e quedaran en ir todos xuntos, así que chamaron á empresa Gilsanz para que lles mandara un microbús. A empresa Gilsanz mandoulles un microbús ao apeadeiro de Cecebre, e entre que veu o microbús e foron para alá, chegaron cando o tren a Monforte, e para iso aínda pararon en Betanzos para deixar algúns o coche que despois querían vir de volta en tren, que nunca foran nel. Como dixo, chegaron cando o tren a Monforte, o microbús da empresa Gilsanz estivo con eles todo o día, despois foron dando un paseo por alí, foron visitar máis zonas por Monforte, todo o día, e pagaron 18 euros cada un, por ir todo o día no microbús, e os que foron no tren pagaron 18 euros para alá e 18 para aquí.

Iso a el parécelle que é o que hai que ver, é o que dixeron antes, que había que buscar prezos asequibles, porque a el iso parécelle unha barbaridade, case custa tanto o tren como ir nun coche particular, e por riba, lento.

Conclúe dicindo que cre que teñen que poñerse a traballar neses temas, para que isto sexa viable. Ata Monforte foron os seis de Betanzos e máis unha persoa que ía no tren, e para aquí viñeron os catro ou cinco que viñeron en tren porque nunca foran, e viñeron eles sós, non veu ninguén máis. Loxicamente se non para o tren non pode ir xente, pero el cre que deben potenciar que realmente dea servizo á area metropolitana, haberá que facer máis vías, potenciar esta, o que queiran, pero á hora de facer vías ver que pasan realmente por onde haxa poboación e por onde estean os sitios de traballo e demais para poder a xente desprazarse no tren.

Concedida a palabra a don Fernando Caride Suárez manifesta que el comezou a súa exposición dicindo que estaban de acordo co fondo, non coa redacción do escrito, evidentemente votan a prol porque están de acordo co espírito da moción.

Di que o Sr. Carballada fixo hai un momento alusión a unha entrevista que el realizou en Radio Coruña, pero esqueceuse dunha parte, que é algo frecuente nas exposicións do Sr. Carballada, esqueceuse dunha parte onde el fai alusión ao número de viaxeiros, fai alusión á eficiencia, á que tamén se referiu o compañeiro Marante, e fai alusión a que tampouco entende que se lles retire o servizo tendo o 3,68%, cando o corte está no 4%. Ao goberno municipal parécelle que están aí no límite, e que potenciando o tren, facendo unhas campañas para habituar á xente ao seu uso, poderían chegar ao 4%, esa é a segunda parte que se lle esqueceu comentar ao Sr. Carballada na transcripción que fixo.

Segue dicindo que, volvendo ao que dixo o Sr. Marante, el tamén é usuario do tren, case todas as semanas colle o tren, a Santiago ou a Madrid, porque é máis económico, máis rendible e máis rápido. Di que iso é unha evidencia, ao final a xente mira o que é a eficiencia para a súa persoa, se lles sae máis barato ir a Santiago que o propio peaxe, evidentemente van ir en tren. Claro que debería potenciarse, efectivamente, mellorando os horarios, aumentando o número de paradas, en todo iso están de acordo, e mellorando o prezo, porque ao final é o que a xente vai mirar. Niso é no que están de acordo, en que debe haber un tren de proximidade que debe dar servizo á universidade, aos concellos limítrofes, e cun prezo competitivo, para que a xente o poida utilizar, el despois, toda a redacción e todo o argumentario que o BNG expón na moción, non vai entrar a valoralo, porque el mira o fondo da moción e no

fondo da moción están de acordo, non vai valorar a “coma”, non se van poñer tan exquisitos.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que quere puntualizar unha serie de cuestións que dixo aquí o Sr. Marante, que por unha parte fai unha defensa a ultranza do tren, e por outra parte critica os servizos. Di que evidentemente o tren non se utiliza moito porque din que é caro, pero o certo é que non se utiliza o tren porque non existen servizos, se houbera un bo servizo de ferrocarril si que se utilizaría o tren. Aquí non veñen a chorar, aquí o que se presenta é unha moción e todos teñen que esixir que se cumpra esa moción.

Di que está esperando que este goberno de Cambre presente unha iniciativa a prol do tren de proximidade, nunca a presentou, e que el saiba, o Sr. Marante, tanto na oposición como no goberno, tampouco nunca presentou unha iniciativa, non vale chegar aquí e facer unha defensa a ultranza do tren, non valen as demagoxias. Aquí o que vale é a moción presentada, e teñen que facer que se cumpra.

Dicía o Sr. Felipe Andreu, ante unha iniciativa de EU, que ía instar ao seu grupo no Parlamento en Madrid para que se instalara o apeadeiro da Barcala, pero eles non teñen coñecemento para nada. Díxolles que se vían polos corredores e que ían dicir que facía falta o apeadeiro na Barcala, pero as cousas non son así, hai que esixir, hai que ser contundentes, iso é o que ten que facer o goberno, nada máis.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que el non está facendo demagoxia ningunha, el o que está dicindo é que apoia a moción tal e como está, hai algunhas cousas nas que efectivamente pode distanciarse algo, pero está de acordo coa moción, e non está facendo ningunha historia do tema. El está dicindo que os que están dedicados á política teñen que comezar a pensar noutras alternativas distintas das actuais, pero el non está dicindo que se retire nada, el o que está dicindo é que realmente apoia isto, pero que teñen que comezar a pensar noutras posibilidades, non está dicindo outra cousa, non está facendo demagoxia ningunha. Di que non presentou ningunha proposta como outros grupos tampouco a presentaron, con iso non lle di nada.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que simplemente un pouco por alusións, polo que aquí se dixo, manifestar primeiramente que a súa memoria funciona perfectamente, aínda así, cando por determinadas cuestións un non chega a todo, acude a cousas como é, por exemplo neste caso, o borrador das actas das sesións municipais, e aí o Sr. concelleiro dixo o que dixo, e por se fora pouco, tamén pode ir a radiocoruna.com e consultar o que foi emitido no día 3 de xuño, no informativo local Hora 14 de Radio Coruña-Cadena SER.

Continúa dicindo que, a maiores diso, que é tan verdade como que hoxe é 27 de xuño, hai unha consideración que non se pode pasar por alto, calquera veciño dos que están aquí pode facer esa consideración, ou calquera dos membros do pleno que forman parte da oposición, porque non forman da Xunta de Goberno, porque non forman parte do goberno municipal, non é que non sexan o Sr. alcalde de Cambre, é que nin sequera son un tenente de alcalde ou un concelleiro delegado de área, non teñen responsabilidades de goberno, se as tiveran exerceríanlas, cousa que o Sr. Caride non

fai. Di que o Sr. Caride non cobra 29000 euros ao ano do Concello de Cambre para dar opinións en defensa do tren, que as pode dar, e é algo moi lexítimo, pero el cobra eses 29000 ou 27000 ou o que sexa de euros, para cuestións como esas, e procurar darlle respostas diante das administracións, e o que fixo, deixa moito que desexar, porque basicamente non fixo absolutamente nada, polo tanto, francamente lle di, as alusións a súa memoria e a súa suposta teórica demagogia, caen neste caso polo seu propio peso. Dille que non fixo absolutamente anda, e hai veces que en política isto pasa, e o teñen visto incluso noutros membros do goberno que en determinado momento, cun pouco de humildade, asumen a súa responsabilidade, claro que si, porque estando nun goberno todo o mundo se equivoca.

Di que se o Sr. Caride lle quere facer crer, a el e ao seu grupo político, que se actuou diligentemente neste tema, de verdade lle pide que cese no empeño, porque non o vai conseguir, e non por unha postura de parte, senón dende un punto de vista minimamente racional e obxectivo á vista do que foron os feitos.

Conclúe dicindo que, por certo, unha cuestión, esta non é unha proposta ou unha moción do BNG, por máis que ao Sr. concelleiro lle guste dicir que “isto do BNG, isto que vén aquí, eu miro o fondo, ...”, claro que si, a resposta está no aire que dicía o outro. Esta é unha moción conxunta, de todos os grupos da oposición, que o goberno municipal vai apoiar, e el dille para que sexan conscientes, non vaia ser que despois non a queiran cumprir, porque son tamén moi dados a ese tema. Pide que a miren ben, que a lean de cabo a rabo e, en función diso, voten. El ánimaos, efectivamente, a votar favorablemente, e despois, a cumprir as dez consideracións que nela se apuntan, máis nada, simplemente dicir que no ánimo do BNG, diante da cidadanía o din dunha maneira pública, está proseguir co que debe ser conseguir dende Cambre algo tan lóxico como é que na estación de Cambre e na estación de Cecebre paren os trens, máis nada.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, a señora presidenta levantou a sesión cando son as dezanove horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

A presidenta

A secretaria xeral

M^a Jesús González Roel

M^a Luisa de la Red Ampudia